

ORDE DO 18 DE XUÑO DE 2026 POLA QUE SE APROBA O PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia prevé no seu artigo 5 que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións concreten nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaránse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Pola súa banda, o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé no seu artigo 6 que cada consellería elaborará unha planificación estratéxica das subvencións que teñan previsto convocar a consellería e os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela. A planificación deberá ser coherente cos documentos de planificación e obxectivos que se elaboren cada ano no marco do proceso de elaboración dos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

O dito artigo continúa sinalando que os plans estratéxicos teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas. A efectividade dos plans queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención e ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio. Cando, nos termos previstos na Lei de subvencións de Galicia e neste regulamento, se tramite unha subvención que non estea comprendida na planificación estratéxica da consellería, detallarase no expediente a relación dos obxectivos da subvención coa planificación estratéxica e os posibles efectos nesta, así como os motivos que xustifiquen a imposibilidade de prevela con anterioridade.

Así mesmo, o seu artigo 7 sinala que os plans elaborados polas consellerías conterán a totalidade das liñas de subvencións que teñan previsto convocar a consellería e todos os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela, e fixa normativamente o seu contido mínimo.

O establecemento desta previsión legal de elaboración de plans estratéxicos de subvencións, xa contida tamén na normativa básica estatal, concrétase



nunha mellora da transparencia da actividade administrativa, de especial relevancia nas actividades que supoñen a xestión de fondos públicos, así como unha mellora da eficacia, ao introducir unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

Este Plan apróbase en cumprimento do previsto nos artigos 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 5 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en coherencia cos obxectivos e prioridades do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, previo informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confiren o artigos 5 e 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto aprobar o plan estratéxico de subvencións da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que se inclúe como anexo.

Artigo 2. *Eficacia*

O plan estratéxico de subvencións ten carácter programático, e o seu contido non crea dereitos nin obrigas. A efectividade do plan queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención e ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Artigo 3. *Contido*

O plan estratéxico comprende as subvencións que teñan previsto convocar a consellería e os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela en réxime de concorrencia, así como as de concesión directa e as que se instrumentalicen a través de convenio.

Cando se tramite unha subvención que non estea comprendida na planificación estratéxica da consellería, detallarase no expediente a relación dos obxectivos da subvención coa planificación estratéxica e os posibles



efectos nesta, así como os motivos que xustifiquen a imposibilidade de prevela con anterioridade.

Artigo 4. *Actualización do plan*

Con carácter xeral, o plan actualizarase sempre que se verifiquen modificacións das planificacións estratéxicas superiores coas que debe observar a debida coherencia.

Artigo 5. *Publicación*

O plan estratéxico publicárase no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.

Artigo 6. *Seguimento*

O seguimento do grao de cumprimento e a avaliación dos resultados do plan realizarase conforme aos indicadores definidos no propio Plan e en coherencia co sistema de seguimento establecido no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2026

Diego Calvo Pouso
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes



PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES 2026-2027

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Contido:

INTRODUCCIÓN	3
Descrición dos obxectivos da Consellería	3
Estrutura da Consellería para alcanzar os obxectivos no ámbito de fomento e subvencións	4
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	4
DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA	4
DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	6
DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR	7
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA	8
DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE	10
RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS	13
Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030	13
Planificación estratéxica por centro directivo	14
DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS	15
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	15
Detalle de Subvencións na Planificación	15
DIRECCIÓN XERAL XUSTIZA	15
Detalle de Subvencións na Planificación	16
DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	17
Detalle de Subvencións na Planificación	20
DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR	21
Detalle de Subvencións na Planificación	22
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA	22
Detalle de Subvencións na Planificación	23
DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE	24
Detalle de Subvencións na Planificación	24
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS SUBVENCÍONS	25
Avaliación da execución orzamentaria	25
Avaliación dos obxectivos e logros alcanzados	25



Correccións e melloras	25
ANEXO: FICHAS DETALLADAS DE SUBVENCÍONS	26
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	26
DIRECCIÓN XERAL XUSTIZA	29
DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL.....	41
DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR	52
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA	59
DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE	66

INTRODUCCIÓN

O Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2027 da **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, integrado no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, constitúe unha ferramenta fundamental para impulsar o desenvolvemento económico, social e ambiental da nosa comunidade autónoma. Este documento articúlase en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que dispón que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións deberán, con carácter previo, concretar nun plan estratéxico os obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar, o prazo necesario para conseguilos, os custos previsibles, as fontes de financiamento e a súa adecuación aos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

En consonancia cos obxectivos definidos no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, este plan de subvencións estrutúrase como un instrumento clave para promover o benestar social, a innovación, a cohesión territorial e a transición cara a unha economía sustentable e dixital. A súa formulación baséase nos principios de transparencia, eficiencia e equidade, co propósito de maximizar o impacto positivo das axudas públicas sobre o tecido económico e social galego.

Ademais de abordar os retos identificados para Galicia no horizonte 2030, como a transformación dixital, a sustentabilidade ambiental e o apoio á igualdade de oportunidades, este plan tamén establece mecanismos claros para asegurar que as subvencións contribúan ao cumprimento dos compromisos de estabilidade orzamentaria. Deste xeito, búscase garantir un uso responsable dos recursos públicos en beneficio da cidadanía.

En definitiva, o Plan Estratéxico de Subvencións constitúe unha peza central das políticas públicas galegas, orientada a acadar un crecemento equilibrado, inclusivo e sostible, situando as persoas e o territorio no centro das actuacións e reforzando o compromiso co futuro de Galicia.

OBXECTIVOS E ESTRUCTURA DA CONSELLERÍA

Descrición dos obxectivos da Consellería

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponden funcións de apoio e asistencia á Presidencia, así como a elaboración, a proposta e a execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea, deportes e mobilidade.

Estrutura da Consellería para alcanzar os obxectivos no ámbito de fomento e subvencións

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Baixo a superior dirección da persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Secretaría Xeral para o Deporte exercerá as competencias e funcións en materia de deportes, entre elas as seguintes

- ✓ O deseño, a programación, o desenvolvemento e a execución da política deportiva de Galicia.
- ✓ A promoción e a difusión da actividade física e do deporte, con especial atención á promoción da igualdade entre homes e mulleres, actuando, se é o caso, en colaboración con outras administracións e entidades públicas e privadas.
- ✓ O apoio e a promoción das asociacións deportivas, sempre que o seu ámbito de actuación non exceda o propio da Comunidade Autónoma.
- ✓ O estudo e a planificación das liñas de actuación no ámbito das infraestruturas deportivas.
- ✓ A promoción e a execución de infraestruturas de titularidade municipal mediante convenios de colaboración coas administracións locais. A colaboración coas administracións locais e coas entidades deportivas a través de axudas e subvencións nos ámbitos das infraestruturas e da adquisición de equipamentos.
- ✓ En relación cos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, corresponderalle coordinar e supervisar o seu funcionamento e prestarlles a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade.
- ✓ A xestión das prestacións e programas en materias propias da Secretaría Xeral, así como a realización de todas aquelas accións encamiñadas á mellora da actividade física e deportiva e da infraestrutura deportiva galega.
- ✓ A promoción e a difusión do deporte galego nos ámbitos supraautonómicos.
- ✓ Aqueloutras que, non estando incluídas neste artigo, lle atribúa a normativa vixente.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

A Dirección Xeral de Xustiza exerce as competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, relativas aos medios persoais, económicos e materiais ao servizo da Administración de xustiza, á promoción e desenvolvemento do dereito civil de Galicia, á demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, e ao acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de oportunidades.

No exercicio das súas competencias correspóndenlle a este órgano as relacións ordinarias cos órganos do poder xudicial, co Ministerio de Xustiza e coas demais institucións relacionadas co ámbito xurisdiccional.

En particular, son competencias da Dirección Xeral de Xustiza:

- ✓ A programación e a xestión dos medios persoais e materiais da Administración de xustiza de Galicia, agás as que lle correspondan á Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, incluíndo a xestión das relacións sindicais e a actividade negociadora neste ámbito sectorial, a autorización da nómina referente ás súas retribucións, o exercicio das potestades disciplinarias respecto do dito persoal e a prevención de riscos laborais nos centros de traballo da Administración de xustiza.
- ✓ O impulso do uso do galego na Administración de xustiza en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- ✓ A promoción do acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de condicións, a través da dirección, reforma e control do sistema de asistencia xurídica gratuíta.
- ✓ A presentación das propostas sobre demarcación e planta xudicial, sobre demarcación notarial e sobre convocatoria das prazas vacantes de maxistratura, xudicatura, letrados e letradas da Administración de xustiza; elevación á persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes dos nomeamentos de persoas titulares de notarías e rexistros da propiedade; a elaboración do modelo de oficina xudicial e a implantación de programas de modernización, mellora e promoción da calidade no funcionamento das oficinas e servizos da Administración de xustiza.
- ✓ A elaboración das relacións de postos de traballo do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, así como das súas modificacións, de conformidade co previsto na Lei orgánica do poder xudicial e demais normativa en vigor.
- ✓ A organización e a supervisión do funcionamento do Instituto de Medicina Legal de Galicia e a programación de actuacións para o establecemento de sistemas de xestión de calidade dos seus servizos e para o seu desenvolvemento científico e tecnolóxico.
- ✓ A coordinación, coa Secretaría Xeral Técnica e coas delegacións territoriais, para impulsar a prevención de riscos laborais nos centros de traballo da Administración de xustiza.
- ✓ A execución das competencias da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para o funcionamento e a mellora da xustiza de paz e das oficinas colaboradoras do Rexistro Civil.
- ✓ A implantación, o impulso e o desenvolvemento de programas e actuacións de desxudicialización de conflitos e de promoción da mediación.
- ✓ O impulso da formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero na Administración de xustiza, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade.
- ✓ Aqueloutras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

Dentro da Dirección Xeral de Xustiza, é a Subdirección Xeral de Medios da Administración de Xustiza, a través do Servizo de Xestión Económica e Administrativa, a encargada de canalizar as subvencións, mediante a sinatura de convenios de colaboración con diferentes entidades.

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Dirección Xeral de Administración Local, de acordo co establecido no artigo 29 e seguintes do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se regula a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (publicado no DOG núm. 101, do 27 de maio), é o órgano responsable da xestión das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma en materia de administración local. Entre estas competencias inclúense as relacións coas entidades locais, así como a promoción e o impulso das liñas de colaboración coa administración local galega, particularmente no ámbito da convocatoria e execución das subvencións e axudas que lles están destinadas. Ademais, corresponde á Dirección Xeral manter as relacións coas institucións vinculadas ao ámbito do poder local, destacando especialmente as organizacións colexiais do persoal funcionario con habilitación nacional, así como apoiar, fomentar e promover o asociacionismo veciñal.

No marco deste ámbito competencial, intégranse as axudas e subvencións xestionadas por este centro directivo, destinadas ás entidades locais, aos colexios profesionais de persoal con habilitación nacional e ás entidades que conforman o tecido asociativo local. Estas axudas comprenden tanto as convocatorias en concorrencia competitiva como as non competitivas, ademais das que se tramitan segundo o procedemento establecido nos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Do mesmo xeito, e como órgano competente en materia de réxime local, corresponde á Dirección Xeral a xestión do Fondo de Compensación Ambiental, de acordo coas directrices establecidas na orde que dite a Consellería competente, incluíndo, por tanto, a convocatoria e execución das subvencións e axudas financiadas con cargo a este Fondo.

Para o exercicio das funcións e competencias en materia de subvencións e axudas, a Dirección Xeral de Administración Local conta coa ***Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais***, á que lle corresponde o exercicio das seguintes funcións, sen prexuízo daquelas outras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas:

- a) A realización das propostas de convocatoria das axudas e subvencións, e elaboración de convenios, no ámbito das súas competencias.
- b) A xestión económica e orzamentaria da Dirección Xeral.

No cumprimento destas funcións, conta co *Servizo de Xestión e Cooperación Económica* ao que lle corresponde a realización das funcións seguintes:

- a) A xestión económica e orzamentaria da Dirección Xeral de Administración Local, efectuando os trámites económico-administrativos dos expedientes de gasto, así como as propostas de pagamentos da Dirección Xeral de Administración Local.

- b) A xestión, a tramitación e a realización das propostas que procedan en canto ás convocatorias, selección e adxudicación das subvencións e axudas desta dirección que se destinan ás entidades locais galegas.
- c) A xestión, a tramitación e a realización das propostas que procedan en canto ás convocatorias de axudas e subvencións de apoio, fomento e promoción do asociacionismo local.
- d) O impulso e a execución dos convenios asinados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en materia de administración local.
- e) Estudo, tramitación e proposta de resolución dos expedientes de perda de dereito, reintegros e sancionadores en materia de axudas e subvencións.
- f) Aqueloutras que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

As principais funcións da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior son:

A.- En materia de protección civil e emerxencias:

- ✓ A planificación e coordinación das políticas de protección civil e emerxencias, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ A dirección e a coordinación das funcións que ten atribuídas a Axencia Galega de Emerxencias nesta materia.

B. En materia de interior e seguridade:

B.1. Interior: espectáculos públicos.

- ✓ A autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a elaboración dos correspondentes estudos, informes e anteproxectos de disposicións xerais na materia.
- ✓ A xestión do Rexistro de empresas e establecementos dedicados ao desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas.
- ✓ A tramitación dos procedementos de expedición da habilitación e do distintivo acreditativo como persoal de control de acceso a espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público.

B.2. Seguridade.

- ✓ O exercicio da xefatura dos servizos de seguridade baixo a superior autoridade da persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

- ✓ A proposta e a execución dos plans de seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a elaboración e proposta dos plans e proxectos de actuación, xestión e planificación operativa dos servizos policiais adscritos á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- ✓ A planificación, a xestión e a distribución dos recursos humanos e materiais destinados á seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia, e a proposta ou a resolución, se é o caso, das cuestións relativas á selección, formación e perfeccionamento do persoal adscrito aos servizos policiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ As funcións de coordinación das policía locais que lle correspondan á Comunidade Autónoma.
- ✓ O establecemento de mecanismos e fórmulas de cooperación coas forzas e corpos de seguridade do Estado para a coordinación e a realización das competencias en materia de prevención e seguridade.
- ✓ A elaboración de cantos informes e estudos requira e exixa o exercicio das competencias que lle corresponden á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en materia de prevención e seguridade.
- ✓ O impulso para garantir a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, dentro das actividades formativas e de perfeccionamento do persoal de seguridade, policía e bombeiros, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade.
- ✓ A preparación dos correspondentes estudos e anteprojectos de disposicións xerais.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

As principais funcións da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea son:

- a) A execución da actividade europea e da actividade exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A cooperación institucional e técnica en relación co proceso de integración europea, especialmente naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais, e nas organizacións rexionais europeas non comunitarias.
- c) A coordinación entre os departamentos da Xunta de Galicia para os asuntos relacionados coa Unión Europea e coa acción e cooperación exteriores.
- d) A elaboración dos plans e estratexias no marco da Unión Europea, da acción exterior e da cooperación ao desenvolvemento, nos cales se determinarán as prioridades xeográficas e sectoriais de actuación da Comunidade Autónoma de Galicia.

- e) A representación da Comunidade Autónoma nos órganos que existan entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, sobre acción exterior e cooperación ao desenvolvemento, sen prexuízo das competencias doutros órganos autonómicos.
- f) A promoción das relacións de cooperación con entidades e institucións non estatais ou subestatais estranxeiras, fomentando especialmente a dimensión de xénero en todas elas.
- g) A elaboración das propostas de desenvolvemento normativo nas materias da súa competencia.
- h) O fomento da imaxe integral de Galicia no exterior.
- i) O seguimento das actuacións da Fundación Galicia Europa.
- j) A tramitación das notificacións oficiais de axudas públicas e das correspondentes ás actuacións inherentes ás queixas e infraccións comunitarias en que o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación ou a Comisión Europea requiran un único centro de notificación e de interlocución.
- k) O desempeño das tarefas inherentes á súa condición de organismo intermedio para a xestión dos fondos comunitarios destinados á cooperación transfronteiriza, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios, nas disposicións de aplicación do programa operativo e no acordo que se subscriba coa autoridade de xestión.
- l) A canalización da información que se xere no ámbito da Unión Europea e que sexa de interese para as distintas consellerías e órganos superiores da Xunta de Galicia, para as entidades integrantes do sector público autonómico e para a sociedade galega en xeral.
- m) A implementación e a supervisión da execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), así como a prospección do contorno exterior para propor a súa revisión puntual ou actualización integral, sen prexuízo das competencias que lles correspondan a outros centros directivos.
- n) Impulsar a aplicación transversal do principio de igualdade de xénero no exercicio das competencias en materia de acción exterior, análise da contorna internacional e cooperación ao desenvolvemento.

Para o exercicio das súas funcións, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea estrutúrase nos seguintes órganos: a Subdirección Xeral de Relacións coa Unión Europea, a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, a Subdirección Xeral de Análise e Programación, a Subdirección Xeral de Acción Exterior e de Cooperación Transfronteiriza e o Servizo de Xestión Económica, Administrativa e de Inspección e Control.

DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG, Núm.101, do 27 de maio) desenvolve no Capítulo IX as funcións e estrutura da Dirección Xeral de Mobilidade, que se estrutura en tres Subdireccións Xerais. Destacaremos:

I. A **Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte** correspóndenlle as funcións que se enumeran no apartado 2.1.1 , entre as que compre salientar:

“e) A xestión das liñas de axudas en materia de transportes.”

“ g) O apoio e a asistencia en materias xurídicas, a proposta de resolución e seguimento das liñas de axudas, e a resolución ou, se é o caso, informe e proposta dos recursos interpostos no ámbito da ordenación dos transportes.”

Para o desenvolvemento das funcións antes relacionadas, a Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte contará con 6 servizos. Entre eles cabe subliñar:

- O *Servizo de Coordinación dos Plans de Transporte* que asume as seguintes funcións:

- a) Implantación, coordinación, xestión e seguimento dos plans de transporte público de viaxeiros e das áreas de transporte que impulse a Dirección Xeral.
- b) A xestión económica e dos réximes de compensacións aplicables nos ámbitos da competencia da Subdirección Xeral.
- c) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados, por razón da súa competencia, pola persoa titular da Subdirección Xeral.

- O *Servizo de Autorizacións, Informes e Apoio Xurídico* que desenvolve, entre outras, as seguintes funcións:

- “b) A elaboración e a dirección de estudos e proxectos en materia de transporte, especialmente de mercadorías por estrada, e aqueloutros que lle asigne a Subdirección Xeral.
- c) O estudo, a elaboración de proxectos e informes sobre textos legais ou sobre materias encomendadas á Subdirección Xeral , e a asistencia na coordinación ou colaboración con outras administracións ou entidades en actuacións referentes ao transporte.
- d) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados, por razón da súa competencia, pola persoa titular da Subdirección Xeral.”

Nos ditos servizos elabóranse varios proxectos de ordes de axudas, tanto con fondos MRR como con fondos propios da Xunta de Galicia, tramítanse as solicitudes de axudas, realízase o pagamento, resólvense os recursos administrativos e os procedementos de reintegro que procedan na fase de control e avaliación das subvencións.

A súa misión inclúe así o deseño, xestión e seguimento de axudas destinadas a apoiar aos profesionais do sector do transporte por estradas, tanto de mercadorías como de viaxeiros, á vez que apoian tamén ao sector do taxi. As axudas van dirixidas a mellorar as súas condicións profesionais e ao fomento da empregabilidade no sector, incluíndo nestas axudas convocatorias como a da *ebici* na que se fomenta a adquisición de bicicletas eléctricas como forma de reducir a contaminación ambiental e acústica e de mellorar a saúde da poboación, promovendo tamén actuacións en prol da plena integración das persoas con mobilidade reducida.

II. A *Subdirección Xeral de Infraestruturas e Planificación do Transporte* correspóndenlle as funcións que se enumeran no apartado 2.3.1:

- a) A planificación, a coordinación, a redacción dos estudos e proxectos necesarios para o seu desenvolvemento e execución da oferta intermodal de transporte na Comunidade Autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/as, así como a proposta da súa adxudicación e explotación.
- b) A preparación e seguimento de protocolos, acordos e convenios sobre actuacións concertadas con outras administracións públicas en materia de infraestruturas de transporte.
- c) O seguimento da execución dos convenios en materia de infraestruturas do transporte con outras administracións públicas, incluída a súa execución orzamentaria.
- d) O estudo e a análise de plans e proxectos de fomento do transporte público e da mobilidade sustentable.
- e) O estudo, a proposta e a programación das actuacións que, en materia de transportes, poidan corresponder ao ámbito de actuación da Dirección Xeral.
- f) A xestión e coordinación das accións que se leven a cabo en materia de aeródromos na Comunidade Autónoma.
- g) O seguimento das actuacións que respecto do transporte ferroviario desenvolvan outras administracións públicas distintas da Comunidade Autónoma.
- h) A planificación dos centros integrados de transporte e de plataformas para as actividades do transporte e a operatividade loxística de mercadorías.
- i) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados, por razón da súa competencia, pola persoa titular da Dirección Xeral.

2.3.2. Para o desenvolvemento das funcións antes relacionadas, a Subdirección Xeral de Infraestruturas e Planificación do Transporte contará cos seguintes servizos:

2.3.2.1. *Servizo de Infraestruturas.*

Correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Apoio técnico á Subdirección Xeral de Infraestruturas e Planificación do Transporte sobre as infraestruturas de transporte de viaxeiros/as existentes na Comunidade Autónoma.
- b) Tarefas destinadas á execución de novas actuacións destinadas ao uso dos/das viaxeiros/as do transporte público colectivo, así como dos elementos complementarios destas.
- c) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados por razón da súa competencia pola persoa titular da Subdirección Xeral de Infraestruturas e Planificación do Transporte.

2.3.2.2. *Servizo de Planificación.*

Correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Apoio técnico á Subdirección Xeral de Infraestruturas e Planificación do Transporte sobre os plans e proxectos de fomento do transporte público e da mobilidade sustentable.
- b) Tarefas destinadas á programación e planificación de actuacións que, en materia de transportes, poidan corresponder ao ámbito de actuación da Dirección Xeral.
- c) Tarefas destinadas á planificación e ao seguimento da explotación de infraestruturas do transporte competencia da Dirección Xeral.
- d) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados por razón da súa competencia pola persoa titular da Subdirección Xeral de Infraestruturas e Planificación do Transporte.

2.3.2.3. *Servizo de Contratación.*

A este servizo correspóndelle realizar as seguintes funcións:

- a) As funcións inherentes á preparación, á licitación, á adxudicación e á recepción dos expedientes de contratación en que se teñan atribuídas estas funcións no ámbito da competencia da Dirección Xeral de Mobilidade, así como as súas modificacións.
- b) As funcións inherentes á xestión económica, execución, seguimento, control e xestión da execución dos contratos administrativos e actividades de fomento no ámbito da súa competencia por razón da materia.
- c) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados, por razón da súa competencia, pola persoa titular da Subdirección Xeral.

2.3.2.4. Servizo de loxística e instalacións aeronáuticas e ferroviarias.

A este servizo correspóndelle realizar as seguintes funcións:

- a) Tramitación de autorizacións de establecemento e apertura ao tráfico das instalacións aeronáuticas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Actuacións inspectoras nas instalacións aeronáuticas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Tramitación de expedientes sancionadores derivados das actuacións anteriores.
- d) A xestión dos centros integrados de transporte e de plataformas para as actividades do transporte e a operatividade loxística de mercadorías.
- e) A programación de investimentos, obras e instalacións de transporte por ferrocarril, aéreo e por cable no ámbito das competencias da comunidade autónoma.
- f) En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados por razón da súa competencia pola persoa titular da Dirección Xeral.

RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCIÓNS

Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030

A planificación estratéxica de subvencións de Consellería para o período 2026-2027, de acordo co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, distribúese nos seguintes Eixos Estratéxicos:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
E1 - Eixe 1. O reto demográfico	188	9.267.488,00 €	11.623.038,00 €
E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	13	8.681.000,00 €	6.481.000,00 €
E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	2	432.500,00 €	470.250,00 €
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	14	22.395.174,00 €	22.695.174,00 €
E5 - Eixe 5. Gobernanza	32	9.985.693,00 €	9.481.137,00 €
Total	249	50.761.855,00 €	51.750.599,00 €

E nas seguintes Prioridades de Actuación:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
E1 - Eixe 1. O reto demográfico			
PA04 – Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	188	9.267.488,00 €	11.623.038,00 €
E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible			
PA02 - Garantir unha mobilidade sustentable	6	2.730.000,00 €	3.030.000,00 €
PA03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias	7	5.951.000,00 €	3.451.000,00 €
E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento			
PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	1	132.500,00 €	110.250,00 €
PA04 - Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	1	300.000,00 €	360.000,00 €
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial			
PA02 – Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante.	2	80.000,00 €	80.000,00 €
PA04 – Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única	12	22.315.174,00 €	22.615.174,00 €
E5. Eixe 5. Gobernanza			
PA01 – Unha boa administración que avance nunha xestión que dea o maior valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas e a xestión baseada en procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	25	579.000,00 €	579.000,00 €
PA03 - Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa	7	9.406.693,00 €	9.902.137,00 €
Total	249	50.761.855,00 €	51.750.599,00 €

Planificación estratéxica por centro directivo

A planificación estratéxica de subvencións para o período 2026-2027, por centro xestor, está formada por 249 liñas de axuda cun importe anual estimado de máis de 50 millóns de euros, distribuídos do seguinte xeito:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2007
SECRETARÍA XERAL PAR AO DEPORTE	188	9.267.488,00 €	11.623.038,00 €
DX XUSTIZA	27	659.000,00 €	659.000,00 €
DX DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	13	24.915.174,00 €	22.615.174,00 €
DX DE EMERXENCIAS E INTERIOR	7	3.351.000,00 €	3.451.000,00 €
DX RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE	8	9.539.193,00 €	10.012.387,00 €
DX DE MOBILIDADE	7	3.030.000,00 €	3.390.000,00 €
Total	249	50.761.855,00 €	51.750.599,00 €

DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

A secretaria xeral para o Deporte ten por obxectivos específicos en materia de subvencións, dentro dos eixos e prioridades de actuación do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG):

- ✓ Apoiar o fortalecemento do asociacionismo e do tecido deportivo en Galicia.
- ✓ Facilitar aos axentes deportivos os elementos necesarios para a promoción da actividade física e deportiva.
- ✓ Favorecer a conciliación das familias con nenas, nenos e mozos de ata dezaseis anos de idade, desde un enfoque de igualdade entre mulleres e homes a través de actividades de animación sociodeportiva .

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2025	2026	2027
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	9.267.488 €	11.623.038 €
E1 - Eixe 1. O reto demográfico	9.267.488 €	11.623.038 €
<i>PA04 – Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade</i>	9.267.488 €	11.623.038 €
Convenios con Federaci3ns Deportivas	5.480.488 €	5.818.638 €
Convenios con ADES	185.000 €	192.400 €
Convenio con UFEDEGA	50.000 €	60.000 €
Convenio coa Real Federaci3n Espa3ola de Piragüismo	52.000 €	52.000 €
Convocatoria orde Entidades deportivas	2.000.000 €	3.000.000 €
Convocatoria subvenci3ns equipamentos deportivos	1.500.000 €	2.500.000 €
Total	9.267.488 €	11.623.038 €

DIRECCI3N XERAL XUSTIZA

A Direcci3n Xeral de Xustiza ten por obxectivos específicos en materia de subvenci3ns, dentro dos eixos e prioridades de actuaci3n do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG):

- ✓ Garantir a formación dos principais operadores xurídicos en materia de igualdade de xénero, mediante a financiación da formación dos profesionais da avogacía e procuraduría.
- ✓ Garantir o cobro dos honorarios polos profesionais da avogacía e procuraduría que presten servizos de asistencia xurídica gratuíta.
- ✓ Promover unha xustiza universal mediante a promoción do acceso de determinados colectivos á xustiza.
- ✓ Fomentar o emprego da lingua galega na xustiza.

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA		
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	80.000,00 €	80.000,00 €
<i>PA02- Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante</i>	80.000,00 €	80.000,00 €
1. Convenios de formación a profesionais da avogacía e procuraduría en VioXen	80.000,00 €	80.000,00 €
E5 - Eixe 5. Gobernanza	579.000,00 €	579.000,00 €
<i>PA01-Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade</i>	579.000,00 €	579.000,00 €
2. Convenios con concellos para garantir o correcto funcionamento das oficinas de xustiza nos municipios	178.500,00 €	178.500,00 €
3. Convenios con asociacións para garantir o acceso de determinados colectivos á xustiza	25.000,00 €	25.000,00 €
4. Convenios con colexios de profesionais para a emisión de informes periciais psico-sociais	100.000,00 €	100.000,00 €
5. Convenios para loitar contra condutas nocivas para a saúde	36.500,00 €	36.500,00 €
6. Convenios para garantir o cobro dos honorarios polos profesionais da avogacía e procuraduría no servizo de AXG	200.000,00 €	200.000,00 €
7. Convenios mediación intraxudicial	30.000,00 €	30.000,00 €
8. Convenio IURISGAMA	9.000,00 €	9.000,00 €
Total	659.000,00 €	659.000,00 €

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

Este centro directivo ten como obxectivos principais en materia de subvencións e axudas públicas os seguintes:

1. Fomentar un desenvolvemento territorial equilibrado en Galicia mediante o reforzo da capacidade dos concellos para prestar servizos públicos de calidade, co fin de garantir condicións de vida equitativas para a cidadanía con independencia do concello ou área de residencia (zona urbanas, rurais, costeiras ou do interior).
2. Facilitar a continuidade e a calidade da prestación dos servizos municipais en relación ás necesidades reais detectadas nos concellos e buscar que os proxectos subvencionados dean resposta ás necesidades identificadas na planificación municipal vixente ou que sexan presentadas mediante propostas formais polas alcaldías, garantindo así a súa adecuación ás prioridades locais, con especial atención a concellos rurais e en risco de despoboamento.
3. Incentivar ou promover a execución de actuacións sobre infraestruturas, dotacións, instalacións ou equipamentos municipais que resolven e responden a necesidades públicas prioritarias ou básicas, melloran a calidade de vida da cidadanía e reforzan a capacidade da Administración local para prestar servizos esenciais no ámbito máis próximo á veciñanza.
4. Promover unha xestión pública eficaz e eficiente e asemade rendibilizar os recursos das administracións, a través de fórmulas de xestión compartida na prestación dos servizos públicos, de tal xeito que os resultados positivos dunha posta en común dos devanditos recursos permitan continuar prestando uns servizos públicos de calidade sen alterar a estabilidade da situación económica municipal
5. Reducir progresivamente as emisións de gases de efecto invernadoiro nas entidades locais galegas mediante o financiamento de proxectos de mellora da eficiencia enerxética e de implantación de tecnoloxías sustentables en edificios, instalacións e vehículos municipais.
6. Impulsar a transición cara a un modelo enerxético local máis limpo e autosuficiente, fomentando o uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas municipais co obxectivo de incrementar a súa participación no consumo total de enerxía das entidades locais.
7. Impulsar a cohesión territorial e a igualdade no acceso a servizos públicos esenciais mediante a mellora da eficiencia enerxética en edificios municipais, con especial atención aos concellos rurais e do interior, en liña co Obxectivo Político 2 do FEDER (*Unha Europa máis verde e baixa en carbono, mediante unha transición cara a unha enerxía limpa e xusta*).
8. Conseguir unha redución media do 30% no consumo e nas emisións de CO₂ dos edificios municipais rehabilitados con cofinanciamento Feder.

9. Promover unha cultura de sustentabilidade ambiental e de eficiencia enerxética no ámbito local mediante accións exemplares da administración municipal, co obxectivo de reforzar o compromiso do sector público coa protección ambiental.
10. Favorecer a adaptación dos espazos públicos municipais aos estándares de saúde ambiental e benestar, mediante actuacións que mitiguen a exposición a riscos como o gas radon e que inclúan proxectos realizados en instalacións deportivas municipais con impacto positivo na saúde e na cohesión social.
11. Fortalecer as capacidades técnicas e funcionais da Administración local galega mediante a colaboración cos colexios territoriais de secretarios, interventores e tesoureiros, apoiando as actividades destas entidades que contribúen á mellora do funcionamento administrativo e á eficiencia dos servizos públicos locais.
12. Contribuír á mellora da calidade de vida no ámbito local mediante o apoio a investimentos promovidos por entidades de participación cidadá, como organizacións veciñais, asociacións de mulleres rurais e comunidades de usuarios de augas, co fin de fomentar o asociacionismo, reforzar o tecido social e dinamizar a implicación da cidadanía na vida comunitaria.

A maior parte das accións da Dirección Xeral de Administración Local en materia de subvencións, para os anos 2026-2027, encádranse no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 dentro do Eixo 4. Cohesión social e territorial e da súa prioridade de actuación PA04 – Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única. O obxectivo estratéxico que corresponde é o E01 - Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial.

En canto aos obxectivos operativos/instrumentais, identifícanse dous para as diferentes liñas de subvencións que este centro directivo xestiona:

- **0002.** *Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe.* Asígnase este obxectivo ás subvencións cuxo financiamento procede do Fondo de Compensación Ambiental e tamén unha das liñas de axuda cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, dentro do Programa Galicia Feder 2021-2027. Son as seguintes:
 1. Subvencións instrumentadas mediante o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais 2026.

2. Outras subvencións destinadas a entidades locais para financiamento de brigadas de emerxencias e servizos de protección do ambiente e do espazo natural.
 3. Subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental destinadas a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para o financiamento de gastos de funcionamento (persoal e gastos correntes en bens e servizos) e investimentos destinados á protección do ambiente e do espazo natural.
 4. Subvencións a concellos para a adquisición de vehículos alternativos, mediante o sistema de renting, con destino aos corpos de policía local, financiadas polo Fondo de Compensación Ambiental.
 5. Subvencións directas instrumentadas mediante convenios de colaboración con entidades locais galegas para o financiamento de gastos de funcionamento e investimentos destinados á protección do ambiente e do espazo natural.
 6. Subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, cofinanciadas nun 60% pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027.
